



DEPARTAMENTO DE
ORIENTACIÓN C.E.I.P DE
PAZOS - FERROL

Actividades A.L.

Educación Infantil

Resumo de tarefas

- Cancións de apoio a fonemas
- Apps para traballar a estimulación da linguaxe.
- Xogos para traballar a estimulación da linguaxe.
- Actividades de praxias
- Xogos coa linguaxe



CANCIÓNS DE APOIO A FONEMAS

NESTA ENTRADA RECÓLLENSE CANCIÓNS
INFANTÍS PARA
TRABALLAR A IDENTIFICACIÓN DOS
DISTINTOS FONEMAS DENTRO DAS
PALABRAS.



CON VOGAIS...

PREME NOS SEGUINTES ENLACES

Vogal I


Vogal O

Vogal U

Vogal A

Vogal E





CON CONSOANTES

PREME NOS SEGUINTE ENLACES

O SON DAS LETRAS DO ABECEDARIO

O SON DAS LETRAS





APPS para
traballar os
compoñentes
da linguaxe

Miniland Moogy Speak

Esta aplicación
ten como obxectivo estimular a fala a
través de xogos con Moogy. Inclúe

xogos

especialmente para:

- Estimular o control da respiración e expulsión de aire
- Estimular a expresión verbal e o aumento do vocabulario.
- Realizar exercicios/praxias buco-faciais, é dicir, ximnasia facial.



Las aventuras de Tate

É unha aplicación creada para nenos/as que teñen algunha dificultade na adquisición e desenvolvemento da fala e da linguaxe.

Ofrece a posibilidade de traballar técnicas de relaxación, vocabulario, expresións faciais e sopro. A aplicación dispón dunha parte gratuíta, na que se poden realizar os niveis máis fáciles dos exercicios.



Sound touch lite

É unha aplicación moi simple e visual. Permite traballar a discriminación auditiva cos máis pequenos (de 2 a 5 anos) a través de flash cards. Céntrase en cinco campos semánticos básicos: sons de animais, medios de transporte, animais, instrumentos musicais e fogar. Mostra tamén imaxes reais de cada obxecto e os sons, son de moi boa calidade.



iSecuencias

É unha aplicación de aprendizaxe para nenos/as baseada en 100 secuencias representadas por seis persoas coas que se traballan catro áreas xerais: hábitos de autonomía, eventos ou actividades lúdicas, situacións cotidianas e emocións.



Fiete Hide & Seek

É unha aplicación para traballar a atención. Fiete é un mariñeiro que nos invita a xogar ao popular escondite, rodeado de natureza e animais, escondéndose detrás de pedras ou árbores, cunhas animacións e sons moi chulos.



Estructuración del lenguaje: enseñame a hablar

Traballa a clasificación de palabras, a estructuración de oracións con pictogramas, os distintos tipos de palabras e as accións con actividades de pregunta - resposta. Ademáis, presenta outras propostas complementarias en forma de láminas de colorear, puzzles e xogos de memoria.



Leo con Grin

Traballa a clasificación de palabras, a estruturación de oracións con pictogramas, os distintos tipos de palabras e as accións con actividades de pregunta - resposta. Ademáis, presenta outras propostas complementarias en forma de láminas de colorear, puzzles e xogos de memoria.



Alex aprende a ordenar

É unha aplicación que traballa as categorías gramaticais, clasificando obxectos en cinco categorías:

casa, roupa, lugares, comida e oficios.

Ademáis, traballa a atención e a capacidade de concentración.




Los calcetines de Manuel

É un conto interactivo con actividades de comprensión lectora e mini xogos. É un conto orixinal que traballa valores, neste caso a aceptación das diferencias individuais e reforza a autoestima, dun xeito lúdico e divertido..



Learning colours

É unha app moi divertida para aprender as cores e expandir o seu vocabulario con obxectos cotidianos, froitas, animais e moito máis. Recomendada para o alumnado de E.I.



384 puzzles para niños

Non é unha app gratuíta,
pero ten 35 puzzles de proba. Trátase
dunha recompilación de puzzles nos
cales
podemos traballar diferentes campos
semánticos: animais, comida, baño,
mobles,
coches e ferramentas. Tamén,
mediante esta app, podemos traballar
a atención e
a memoria.



Smile & learn

É unha plataforma con máis de 70 contos e xogos interactivos para nenos/as de 3 a 12 anos. Permite reforzar a aprendizaxe dos nenos/as en E.I. e E.P.





Xogos para

a

estimulación

da linguaxe

XOGOS DE SOPRO

Facer voar unha pelota

Sopra e fai voar uha pelota de papel de aluminio. Require concentración e paciencia, pero o resultado é estupendo!



Pintar con palliñas

Todo o que tes que facer é colocar un pouco de pintura diluída nun anaco de papel e logo crear unha obra maestra soprando a pintura cunha palliña.



Facer circuítos pintando liñas no chan: liña recta e zigzag

O neno/a
deberá soprar cunha palliña e guiar un
pompón, pelota, bolita de algodón, ...
respetando as liñas marcadas pola
cinta. Diversión e risas garantidas.



Crear un foguete

É unha
maneira moi sinxela de fabricar con
palliñas os seus propios foguetes.
Colorido, fácil e lúdico, este proxecto
é unha ferramenta de sopro ideal para
a
motricidade bucofonatoria



Inflar globos



Facer pompas de
xabón



Enlace vídeos de
sopro





Xogos para

a

estimulación

da linguaxe


PRAXIAS

PRAXIAS LINGUALES

		
SACAR LA LENGUA	TOCAR LA NARIZ	TOCAR EL PALADAR
		
LENGUA DE LADO	RELAMER LABIO INFERIOR	RELAMER LABIO SUPERIOR
		
PARLAR	LAMER UN HELADO	LENGUA DENTRO

Praxias lingüais


PRAXIAS LABIALES



CERRAR LA BOCA



ABRIR LA BOCA




SONREIR



HINCHAR LAS MEJILLAS



ENSEÑAR LOS DIENTES



BESAR



MORDER LABIO INFERIOR



MORDER LABIO SUPERIOR



MOVER LABIOS



HACER MORRITOS



HACER LA MOTO



INFLAR UN GLOBO

Praxias labiais

PRAXIAS FACIALES



HACER UN GUINO



BOSTEZAR



DORMIR




GRITAR



ENFADADO



LLORAR



SUSTO

Praxias faciais



Xogos da
linguaxe

Xogo do vexo-vexo

Sen dúbida é un dos xogos da linguaxe máis usado por todas as xeneracións para a estimulación da linguaxe oral

nos
nenos/as.

A actividade consiste en mostrar ao neno/a obxectos e que el mesmo os identifique e nomee.

Despois dánselle pistas (de que cor é, por que letra empeza, ...) para que adivine que obxecto é.



O tradutor de sons

É un bo exercicio para que o neno/a aprenda a discriminar os sons. O adulto debe traducir coa palabra correspondente os sons e ruidos cotidianos que se producen de forma habitual (sons da casa, da rúa, da natureza,...).



Onde estou?

Con este xogo preténdese ensinar aos máis pequenos a localizar a orixe do son. O adulto pódese ocultar nas distintas partes da casa e emitir un son dende os seu escondite. O neno/a deberá atopalo guiándose polo son.

Tamén se pode facer esta actividade con xoguetes sonoros.



Saca a lingua!

É moi boa idea para traballar a motricidade buco-lingual, dicirlle ao neno/a que a súa cara é unha casa, na que os ollos son as fiestras, o nariz o timbre, a boca a porta e a lingua un amigo que está dentro dela. Este xogo permite entrenar os movementos. Para isto, hai que pedirle ao neno/a que chame ao timbre (tocando o nariz), abra a porta (abrindo a boca) e dándolle ordes ao seu amigo (lingua: que entre e saía da casa, que limpe a porta, que intente tocar o timbre,...).



A orquestra

Este xogo permite relacionar a linguaxe xestual coa oral a través de sons. Neste caso, será a música a que estimule a fala do neno/a. O adulto ensina os diferentes sons de instrumentos musicais á vez que realiza o xesto correspondente. O neno/a debe identificar cada xesto e responder coa onomatopeia correspondente.



O tren das palabras

“Levo un vagón de ... (froita, animais, cores, etc)”. A partir desta frase o neno/a e o adulto comencan a encher o tren con palabras da familia escollida.

O adulto pode incorporar palabras máis inusuais, para que o neno/a vaia aprendendo novas palabras.



Simón di/ Simon says

Este xogo fomenta que os nenos/as desenvolvan a comprensión e axúdalles a iniciarse no manexo de ordes sinxelas. Hai que organizar pequenos xogos nos que eles terán que executar a orde que se lles dá.

Unha actividade é que recoñezan formas e cores (precísanse tarxetas con cores e formas). Teñen que colocalos, a medida que os mencionamos, no prato correspondente. Tamén se poden facer outras dinámicas, como tocar as diferentes partes do corpo según se vaian nomeando.



A repetición

Repetir é aprender. Por iso é tan importante que os nenos/as aprendan unha e outra vez como deben dicir as cousas. Unha técnica sinxela de xogos

para

falar é reproducir cancións de dedos como “El dedo que tenía hambre”,

“Cinco

lobitos”, “Toc-toc”, ...



Adiviña quen é

O xogo consiste en que os nenos/as fagan descripcións de persoaxes que coñezan (protagonistas de libros, debuxos animados ou membros da familia). Os nenos/as deberán facer preguntas que nosoutros contestaremos cun si ou cun non ata que adiviñen a persoaxe.



Adiviña quen é

O xogo consiste en que os nenos/as fagan descripcións de persoaxes que coñezan (protagonistas de libros, debuxos animados ou membros da familia). Os nenos/as deberán facer preguntas que nosoutros contestaremos cun si ou cun non ata que adiviñen a persoaxe.



Cesta de contos

Nunha caixa podemos meter figuriñas de animais, cunchas, elementos cotidianos, ... que eles irán sacando e cos que deberán construír unha historia.



Cançons e contos

Cas cancións mellorará a súa fluidez da linguaxe e fortalecerá a memoria; mentres que cos contos poderá ampliar vocabulario, aprenderá empatía, crecerá a súa imaxinación e as súas habilidades comunicativas cando teña que contalos él.



Teatro / títeres

É unha excelente maneira de que aprenda a distinguir diferentes tipos de linguaxe según a persoaxe que manexe. Ademais, fomentará o diálogo entre eles.



Bloques de construcción

Para os máis pequenos é unha boa maneira de comenzar a verbalizar os seus desexos. Deben resolver problemas a través de conceptos básicos do espacio.



Xogos de bonecas, disfraces, xogar a profesións,...

Todos os xogos de ficción nos que o neno/a ten que adoptar roles de imitación como ser pai, nai, cociñeiro, bombeiro,... axudan a relacionarse co mundo real e reproducir moitas actividades e conversas diarias.



Xogos de mesa

Son xogos sociais básicos para poder expresarse correctamente cos demais, resolvendo problemas e respectando turnos.



OS LIBROS!!!

Son o xoguete máis importante para desenvolver a linguaxe dende que son bebés. Ao principio a través de ilustracións e con algunhas palabras simples da rutina diaria, ata despois ampliar vocabulario, sintaxe e coñecementos.


Un libro sempre é o mellor aliado da linguaxe!



Estou pensando... a ver se adiviñas!

O xogo consiste en adiviñar un obxecto, animal, lugar, ... que o neno/a ou o adulto están pensando. Exemplo: "É un animal? Non. É unha froita? Si. A froita é de cor amarela? Non...". A persoa que lle toque contestar, só poderá facelo con si ou non, ata que o neno/a adivine o que era.





**MOITO ÁNIMO A TODOS E
TODAS! ESTÁDELO FACENDO
XENIAL.
AGARDAMOS VERVOS DENTRO
DE POUQUIÑO**

#EUQUEDONACASA